

A Xunta aposta por investir contra o cambio climático

O conselleiro Manuel Vázquez acudiu ao recente cumio de Polonia


O programa elaborado pola Administración implica á sociedade civil

Andrés Caamaño

Manuel Vázquez asistiu xunto á ministra de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño Elena Espinosa, a semana pasada ao cumio do clima que se celebrou na cidade polaca de Poznan, onde Galicia estivo representada por cuarto ano consecutivo para explicar os eixes que marcan o Plan Galego de Acción contra o Cambio Climático, que prevé reducir 2,45 millóns de toneladas de emisións de CO₂ á atmosfera desde o presente ano ata o 2012. O conselleiro revelou que Galicia representa o 0,12 por cento de emisións mundiais á atmosfera e subliñou que «se é o 0,12 por cento do problema, debe ser o 0,12 por cento da solución».

As liñas mestras do plan de acción perseguen a redución de emisións de gases de efecto invernadoiro nunha cantidade proporcional á contribución da comunidade ao total do Estado. No ano 2005 as emisións difusas atribuíbles a Galicia foron 16,85 millóns de toneladas anuais, o que representou un 6,56 por cento das emisións difusas anuais de España naquel ano, 257,06 millóns de toneladas, polo que a marca galega da redución de emisións debe ser de 6,56 por cento dos esforzos encamiñados para reducir as 37,36 toneladas anuais que ten que cumprir o Estado se quere cumprir co Protocolo de Kyoto. Aquí se tira a cifra de 2,45 millóns de toneladas anuais a reducir ata 2012 para que Galicia contribúa a chegar a este obxectivo.

Con estas marcas no horizonte, o Plan Galego de Acción contra o cambio climático



O conselleiro, Manuel Vázquez (á esquerda) conversa con outros asistentes ó cumio

conta cun investimento de 347 millóns de euros entre o 2008 e o 2011. O plan estruturase en catro puntos: mitigación do cambio climático, avaliación de impactos e adaptación ao cambio climático, programas de observación, investigación e educación e, por último, información e cooperación sobre o cambio climático.

Mitigación

No tocante ao primeiro paso do plan, a mitigación dos efectos producidos polo cambio climático, a resposta que dá o Goberno galego é propor unha batería de medidas que diminúan as emisións en diferentes sectores económicos, como o residencial, o comercial. O sector dos transportes, así coma na agricultura, na gandería e

no tratamento e eliminación de residuos. As medidas pasan por ser instrucións sobre que criterios hai que adoptar sobre a eficiencia enerxética, o transporte sostible, a elaboración de auditorías enerxéticas nas empresas, a valorización enerxética e a reciclaxe, entre outras.

O programa busca complementarse con iniciativas cidadáns apoiadas ou impulsadas pola Xunta, e que deben estar desenvolvidas por asociacións civís e administracións públicas, como a Rede Galega de Concellos pola Sostibilidade, ou acordos voluntarios entre axunta e empresas privadas, coma a creación de rexistros que agrupen a asociacións ou persoas que queiran presentar plans contra o cambio climático.

Outra forma de loita contra este fenómeno son as actividades de reforestación con especies autóctona. A propia consellería, a través da Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible compensará a súa emisión de gases de efecto invernadoiro participando nestes plans de reintrodución de masa forestal ligados a proxectos de educación ambiental.

O segundo punto dos plan de acción artellado pola Xunta refírese ao programa de observación e investigación. O seu obxectivo é implementar os sistemas de seguimento dos ecosistemas galegos co fin de axustar os coñecementos sobre o impacto real do cambio climático en Galicia. Para isto constitúese a Rede Galega de Observación Ambiental (Roa-

O plan galego reducirá 2,45 millóns de toneladas de emisións de CO₂ no 2012

Haberá iniciativas específicas nas escolas para concienciar aos máis pequenos

ga nas súas siglas) que almacenará e procesará variables ambientais en distintos puntos do territorio para modelar o comportamento dos sistemas naturais máis representativos. O fomento da investigación sobre o cambio climático compóse de tres eixes principais: Programa Sectorial de Investigación Aplicada, Programa de Investigación en Cambio Climático do Centro de Información e Investigación Ambiental de Galicia (Cinam) e a Acción Estratéxica de Investigación sobre Impactos e Adaptación ao Cambio Climático.

Educación

Os planos elaborados pola consellería no tocante á labor pedagóxica e divulgadora do fenómeno do cambio climático e as súas consecuencias para a vida sobre o planeta céntranse en unidades de educación dirixidas aos máis cativos. O Proxecto de Educación Ambiental Climática está encamiñado a dar a coñecer aos escolares máis novos as causas e consecuencias do cambio climático.

O Plan galego de acción Contra o Cambio Climático presentarase en público cando se constitúa a plataforma de participación e nas videiras semanas será publicado no Diario Oficial de Galicia.

Acordo coa universidade para diminuír as emisións de CO₂

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible destina 150.000 euros a promover accións que reduzan a emisión de gases de efectos invernadoiro nas instalacións das tres universidades galegas, a través dos convenios que autorizou esta semana o Consello da Xunta. Estas iniciativas suporán unha redución anual de 116,9 toneladas de CO₂ no conxunto das universidades galegas.

O investimento aboarase en cada caso en dúas anualidades, de xeito que no 2008 aportarase 22.370 euros a cada institución universitaria e 27.630

euros no próximo ano.

No campus compostelá están recollidas medidas que favorezan o aforro enerxético en calefaccións, como a substitución dos cristais abatibles por fixos para evitar a perda de calor. A consellería afirma que a renovación do aire está garantida; ou o illamento térmico de tubaxes en estancias non prioritarias e falsos teitos para evitar que se acaden temperaturas por enriba do recomendable. Alén disto, mudarase o sistema de alumeados por un intelixente regulado pola luz exterior e pecharanse antigos depósitos de libros en desuso

pero que seguen a consumir calefacción. Medio Ambiente asumirá a metade do custo destas actuacións, que ascende a 100.000 euros.

Universidade de Vigo

O campus de Ourense abordará a reforma da súa iluminación exterior, mediante a colocación de farois de tipo LEDs de baixo consumo e farois fotovoltaicos, e a creación dunha horta solar, que se instalará no pavillón de estudantes, para permitir o aproveitamento do potencial solar para a produción de electricidade.



A ministra Elena Espinosa tamén participou no encontro

Con estas medidas conseguirase un aumento da eficiencia enerxética e unha redución do consumo eléctrico, o que suporá unha diminución anual de 20,57 toneladas de CO₂.

No caso da Universidade da Coruña, as actuacións a realizar incluírán a substitución de 200 lámpadas e luminarias

por outras de baixo consumo, que permitirá unha redución de 76,12 toneladas de CO₂ ao ano. Ademais, está prevista a adaptación dun edificio cunha instalación fotovoltaica e utilizará enerxías limpas.

Isto suporá un aforro de 3,33 toneladas de gases efecto invernadoiro ao ano.